

OS ÚLTIMOS ANOS DO ARTISTA: AFTERIMAGE

254

[Andrzej Wajda, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 30.06.2017 | V.O.S.E. | +7

Afterimage (2016, 100')

Dirección: Andrzej Wajda

Guión: Andrzej Mularczyk

Elenco: Boguslaw Linda, Aleksandra Justa, Bronislawa Zamachowska, Jacek Beler, Mateusz Bieryt, Szymon Bobrowski, Mariusz Bonaszewski, Danuta Borsuk

Son: Maria Chilarecka

Montaxe: Grazyna Gradon

Vestuario: Katarzyna Lewinska

Fotografía: Pawel Edelman

Música: Beata Jankowska-Burzynska

Produtoras: Akson Studio (Polonia)

Distribuidora: Sherlock Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Polaco

PREMIOS E FESTIVAIS

Premios do Cinema Polaco 2016 (Premio especial do xurado), Montclair 2017 (sección oficial), Camerimage 2016 (sección oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Katyn, 2007

El hombre de hierro, 1981

El hombre de mármol, 1977

La tierra de la gran promesa, 1975

Cenizas, 1965

Cenizas y diamantes, 1958

Kanal, 1957

SINOPSE

En 1948, cando Stalin pon as súas mans sobre Polonia, o famoso pintor Wladyslaw Strzeminski négase a comprometer a súa arte coas doutrinas do realismo social. Perseguido, expulsado do seu posto na universidade, é de súpeto borrado dos muros dos museos. Coa axuda dalgúns dos seus estudantes, comeza a loitar contra o Partido e convértese no símbolo dunha resistencia artística contra a tiranía intelectual.

«É o máis rotundo dos derradeiros filmes do director: Wajda comparte testamento co ousado artista Strzeminski»

Carlos Marañón, CINEMANÍA



OS ÚLTIMOS ANOS DO ARTISTA: AFTERIMAGE

[Andrzej Wajda, 2016]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“O cinema político agroma sempre que existe un gran desexo de verdade”

Entrevista a Andrzej Wajda
Por Ela Bittencourt

Levas querendo filmar a historia de Strzemiński durante moitos anos. Cal foi a clave para finalmente gravar o filme? A película presenta a realidade dun artista importante que se enfrenta ao sistema, dunha maneira clara e heroica. Esta dura realidade pode resultarnos pouco familiar desde hai un tempo mais se cadra precisamente agora sexa acaído lembrar como foron aqueles anos.

Cal foi a túa experiencia persoal coa censura nos teus primeiros traballos, comezando pola triloxía da guerra, *Generación* (1955), *Kanal* (1957) e *Cenizas y diamantes* (1958)? Se ben é certo que na Polonia comunista estabamos baixo unha severa ditadura, había certas vantaxes: coñeciamos a guerra pola nosa experiencia persoal. Por tanto, a propaganda do réxime, que acotío distorsionaba a verdade para levala aos seus intereses, non podía manipular a nosa visión sobre a guerra. Lembrabamos a nosa loita no exército polaco, da man dos nosos aliados, por unha Polonia diferente. Nesa época, o exército polaco era a cuarta forza con maior número de militares na fronte occidental.

Foi a censura un dos motivos polos que recurriches logo á adaptación de clásicos da literatura? Durante os peores tempos da censura os clásicos, especialmente os máis antigos, axudábanos a enganar aos censores. Dábanos a oportunidade de comunicar co noso público, que sabía como ler entre liñas e descifrar metáforas que agochaban outros significados.

Puxeches o cinema polaco moderno no mapa. Mais no tempo que fixeches *Los brujos inocentes* (1960), o estilo do cinema polaco xa mudara. O meu realismo dos 50 inspirouse no neorealismo italiano. Mais o novo espírito do cinema viña das novas ondas de Europa occidental, o jazz dos Estados Unidos e os novos comportamentos e modas que observabamos ao noso redor.

O réxime comunista negouse a aprobar *El hombre de mármol* (1977) por longo tempo. A que se debía? En Polonia, o Partido Unido dos Traballadores Polacos mandaba no nome do pobo. Agardábase que todos bailásemos ao son da súa axenda. Mais no meu filme, por vez primeira, un traballador loita polos seus dereitos. Iso é o que máis temía o réxime, e por iso secuestraron o guión durante 13 anos, impedíndome facer o filme. Máis adiante, nos anos 80, o partido Solidariedade naceu seguindo a mesma protesta.

Continuaches tratando a opresión política e social en *Sin anestesia* (1978), que pasou a formar parte dun cinema coñecido como da conciencia moral.

Cineastas como Krzysztof Zanussi, Krzysztof Kieślowski ou Agnieszka Holland parten dese movemento. En que consistía? O nome veu dun grupo de mozos cineastas que eu guiaba naquel tempo. Dalgún xeito estes mozos eran máis conscientes da situación do noso país ca min. Ollaban o que estaba a pasar ao seu redor e mostraban o seu desacordo. E iso é o que querían expresar nos seus filmes. Gravando *Sin anestesia*, a partir dun marabilloso guión de Agnieszka Holland seguín basicamente os seus pasos.

O Mestrado da Escola Wajda de Cinema fundouse en Varsovia en 2001 e contribuíu á renovación do cinema polaco. Que lección agardas que tiren os cineastas novos dos teus filmes? Agardo que aprendan que sobrevivimos a tempos moito peores cós presentes. Cómpre que aprendan a facer filmes sobre si propios, en relación aos seus contemporáneos.

Sempre defendiches que todo o teu cinema, mesmo aquelas obras históricas, achegan unha mensaxe política contemporánea. En tempos de democracia, coidas que perdemos o noso apetito polos dramas políticos? O apetito por un cinema político agroma sempre que existe un gran desexo de verdade e unha necesidade de que aparezan voces de protesta que canalicen o descontento. Sen dúbida, a nosa realidade sociopolítica diranos axiña se temos que volver afrontar momentos similares.

Publicado en www.filmcomment.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Andrzej Wajda, Andrzej Wajda
U.N.A.M., 2007

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

